

**INFORMACIÓN EMBARGADA ATA AS 19.00 HORAS**

## **A familia ourensana Pérez Canal, Premio Familia Empresaria 2022**

- **A co-fundadora da firma, Carmen Canal, recibe hoxe o galardón**
- **Nogueira destaca o compromiso de Abril coa economía galega**



**Liña de fabricación de Aceites Abril. Imaxe: Aceites Abril.**

**22 de novembro de 2022.** A familia Pérez Canal, propietaria do grupo empresarial Aceites Abril, é a recoñecida hoxe co XVI Premio Familia Empresaria que concede anualmente a Asociación Galega da Empresa Familiar co apoio de Sabadell Gallego. O recoñecemento será entregado este martes polo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e o presidente da asociación, Víctor Nogueira.

A Asociación Galega da Empresa Familiar, neste décimo sexto premio, valora o compromiso de Aceites Abril coa internacionalización da economía galega, como empresa con presenza en 60 países. A asociación que une as empresas familiares galegas destaca ademais o firme compromiso da compañía con Galicia, como mostra súa iniciativa Colleita Propia, que busca promover a plantación de olivos en Galicia e a produción de aceite 100% galego.

Carmen Canal, empresaria e co-fundadora da compañía, será a encargada de recoller o premio. O acto de entrega contará coa presenza de Pablo Junceda, director xeral de Sabadell Gallego.

Aceites Abril foi fundada en 1962 por José Pérez Delgado, pai de Manuel Pérez Canal, que nos principios adicábase ao sector vitivinícola. A compra dunha bodega e dun muiño de prensa nun pequeno pobo da Mancha, fixo que a empresa pasara de traballar con uvas a facelo con uvas e olivas. As primeiras botellas de aceite envasábanse no barrio de A Ponte para despois instalarse nos anos 90 nunha planta de produción no polígono de San Cibrao das Viñas (Ourense). Na actualidade, o grupo conta dúas liñas de refinado na súa planta produtiva. Hoxe en día contan con 1.600 referencias de aceites comercializados máis de 60 países. En 2021, Aceites Abril produciu 200 millóns de litros de aceite.

“A familia Pérez Canal decide ser protagonista e lanza unha aposta que coa mestura de esforzo, visión e apego familiar, acaba sendo triunfadora. Aquela experiencia está na orixe dunha firma que é exemplo de implicación coa Galicia Calidade” indica Alfonso Rueda, Presidente da Xunta de Galicia.

### **Premio Familia Empresaria**

O Premio Familia Empresaria, outorgado pola Asociación Galega da Empresa Familiar co apoio de Sabadell Gallego, distingue con carácter anual dende 2005 a traxectoria empresarial e o mantemento das raíces en Galicia das empresas de propiedade familiar da comunidade. As familias Castro Romero (A Coruña), Pérez Rumbao (Ourense) e Pereira (Vigo) foron as premiadas nas tres últimas edicións.

“Nestes tempos de incertidume, a sociedade será máis consciente da contribución da empresa familiar” destaca o presidente da Asociación Galega da Empresa Familiar, Víctor Nogueira. “Ogallá todos homenaxeásemos co noso apoio ao conxunto de familias empresarias que fan de Galicia unha terra cun gran futuro grazas ao seu traballo calado, riguroso e diario”, afirma Pablo Junceda, director xeral de Sabadell Gallego.

A Asociación Galega da Empresa Familiar está formada por 60 das empresas de propiedade familiar máis relevantes de Galicia. A súa función é fortalecer e dar continuidade ás empresas de orixe familiar da comunidade galega, que representan o 92% do tecido empresarial, o 86% do emprego privado e o 85% da aportación empresarial ao PIB.